

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 2 DE DECEMBRO DE 2021

Ás 11:00 horas do día 2 de decembro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 29 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. María Cristina Chao Polo, xefa do Servizo de Festas (asiste ao punto 11a)
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste ao punto 11b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2022 (8.982-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para



a Cabalgata de Reis 2022 (8.982-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 29 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de deseño e produción de cinco carrozas municipais que tomarán parte na Cabalgata de Reis 2022 coa temática "OS MUNDOS DE VERNE E AS VIAXES MÁXICAS".

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 27 de outubro de 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 27 de outubro de 2021 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 67.600,00, €, sendo o valor estimado do contrato de 55.867,77 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis).

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 26 de novembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2022 (8.982-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CARROFESTA, S.L.	96 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARROFESTA, S.L. (B-32.475.972), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARROFESTA, S.L., o día 26 de novembro de 2021, que presenta a documentación requirida o 29 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:16	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF4H-5DDF8C-C45622-H5Y93X-7THVG1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 2 de decembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CARROFESTA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CARROFESTA, S.L., de conformidade co informes de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 18 de novembro de 2021 e do acordo da Mesa de Contratación do 26 de novembro polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a CARROFESTA, S.L. (B-32.475.972) o procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2022 (8.982-335) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 60.838'80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.558'80 euros.*
- b) Inclúe na oferta a cubrición e decoración artística das cabezas tractoras con*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:16	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF4H-5DDF8C-C45622-H5Y93X-7THVG1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

bosquexo.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e acuda (23.102-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e acuda (23.102-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 14 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de vixilancia mediante sistema de alarmas antirroubo e intrusión conectadas a central receptora de alarmas (CRA), do mantemento integral tanto preventivo como correctivo dos equipos de seguridade contra roubo e intrusión e o servizo de custodia de chaves e acuda nos colexios públicos de educación infantil e de educación primaria, escolas municipais e outros centros dependentes do Servizo de Educación.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 14/06/2021 redactado polo Servizo de Educación, e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 22/09/2021 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para esta contratación.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 107.744,45 euros IVE incluído (53.872,23 € no exercicio orzamentario 2022 e 53.872,22 € no exercicio 2023) para a contratación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:16	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF4H-5DDF8C-C45622-H5Y93X-7THVG1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



dos servizos de seguridade dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo, por procedemento aberto, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9901 (Central de alarmas).

O valor estimado do contrato estipúlase en 186.994,50 euros, tendo en conta as dúas posibles prórrogas.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 26 de novembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 26 de novembro de 2021, de EULEN SEGURIDAD, S.A. por ter incluído no sobre B información relativa aos criterios que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7B da FEC (cláusula 14.3 do PCAP).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e acuda (23.102-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L.	89,50

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L. (B-15.259.765), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditarse a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L., o día 26 de novembro de 2021, que presenta a documentación requirida o 30 de novembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 2 de decembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:16	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF4H-5DDF8C-C45622-H5Y93X-7THVG1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 18 de novembro de 2021 e do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 26 de novembro, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 26 de novembro de 2021, de EULEN SEGURIDAD, S.A. por ter incluído no sobre B información relativa aos criterios que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7B da FEC (cláusula 14.3 do PCAP).*
2. *Adxudicar a SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L. (B-15.259.765) o*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:16	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF4H-5DDF8C-C45622-H5Y93X-7THVG1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e acuda (23.102-332) coas seguintes condicións:

- a) *Propón como prezo total do contrato o de 102.600,01 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.806,61 euros.*
- b) *Propón a instalación completa de 10 unidades de detectores volumétricos (incluído cableado) para incrementar a seguridade dos edificios.*
- c) *Propón como tempo de resposta do servizo de acuda ante aviso de CRA o de menos de 1 hora.*
- d) *Incrementa o importe mínimo esixido na cláusula 5.2.2 do PPT (2.000 €/ano sen IVE) destinado ao mantemento correctivo en 1.800,00 euros.*
- e) *Propón como tempo de resposta ante avarías que ocasionen que os equipos non funcionen o de menos de 16 horas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:10 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:16	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF4H-5DDF8C-C45622-H5Y93X-7THVG1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		